




A realidade e a reflexión, con praza en ‘Casa Skylab’

Estamos na montaña oriental galega e hai nomes, como Negueira de Rodríguez que, rapidamente, nos trasladan a localidades concretas, aínda que en ‘Casa Skylab’, a última entrega de Jaureguizar, Premio Xerais do 2003, nada sexa concreto, o universo debuxado é sempre imaxinación e calquera referencia a nomes reais –como nas vellas novelas– é pura coincidencia. Casa Ataulfo, a cantina, o lugar desde o que o cacique imparte cátedra e no que os espacios converxen por efecto da ósmose xeográfica. Pero hai máis, sobre todo esa comuna hippie –de novo, evocadores paralelismos coa realidade– e o Pub Sempre en Galiza, o carteiro de Pablo Neruda, un comisario ou Antón Duracell, o parvioco. Máis que unha novela, o que Jaureguizar propón é un poderoso exercicio narrativo sobre a Galicia actual e a Galicia soñada, un exercicio no que a fiazón, o estilo e a habilidade do lector liman calquera aspereza para conseguir unha das máis entretidas novelas que nos últimos anos se publicaron en Galicia. Unha reflexión, ó tempo, que el asegura emana do momento que vive hoxe en día o nacionalismo e, tamén, do seu labirinto. Jaureguizar (Bilbo, 1965) prosegue o seu proceso de integración na Literatura galega, á que aportou obras como ‘Breve crónica universal da clase obreira’ (2001) ou ‘Salitre’ (Xerais, 1999).